

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

EXTRACTO da Resolución do 13 de abril de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG535A).

BDNS (Identif.): 621455.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Teñan o seu domicilio fiscal e desenvolvan a súa actividade económica en Galicia.
- b) Cumpran os requisitos e condicións establecidos para a correspondente liña de financiamento, que se detallan no anexo I ás bases reguladoras.

2. Tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.

Segundo. Obxecto

Estas bases regulan as condicións e o procedemento de tramitación do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante con-



venio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), que se desagrega nas liñas de financiamento específicas detalladas no anexo I ás bases reguladoras.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 13 de abril de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG535A).

Cuarto. *Importe*

Dotaranse provisións para atender posibles falidos do exercicio 2022 polo importe máximo de 2.000.000 € (partida orzamentaria 06.A1.741A.8900). En relación coas compensacións económicas ás SGR, os créditos dispoñibles nesta convocatoria serán de 3.500.000 € para o exercicio 2022 e 500.000 € para o exercicio 2023, partida orzamentaria 06.A1.741A.7700, coa existencia previa de crédito adecuado e suficiente. A subvención ao tipo de xuro financiarase con cargo á partida orzamentaria 06.A1.741A.7700, cunha dotación de 500.000 € para o ano 2022 e de 3.650.000 € para o ano 2023.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de setembro de 2022, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2022

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

